

Código do documento	Código do expediente
USG15I01Q3	USG/2021/79
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4C59 182B 615P 6768 14DT	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA TELEMÁTICA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28 DE ABRIL DE 2021.

PRESIDENTA:

A alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yéssica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL

ACCIDENTAL:

D.^a María de las Nieves Fuentes Bermejo

O día vinte e oito de abril de dous mil vinte e un, a través da plataforma COUNCILBOX, ás trece horas e trinta e oito minutos comeza a sesión extraordinaria telemática, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local, convocada a través da sede electrónica do Concello. Preside a sesión a Sra. alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, (Resolución da alcaldía de data vinte e oito de abril de dous mil vinte e un) e asisten os/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral accidental do Concello, D.^a María de las Nieves Fuentes Bermejo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- DACIÓNS DE CONTA.

1.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 30 de marzo de 2021, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Xefatura Territorial da Coruña-, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Culleredo (expediente-e IN407A 2021/2-1). DOG núm. 76 do 23-04-2021.
- Anuncio do 9 de abril de 2021, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2019/759). DOG núm. 76 do 23-04-2021.
- Anuncio do 13 de abril de 2021, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2021/57). DOG núm. 77 do 26-04-2021.
- Resolución do 23 de abril de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa FO106: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2021. BOP núm. 77 do 27-04-2021.

1.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

1.2.1.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

1.- TEATRALÍZATE: representación da obra teatral *CUBO*.

Obra de teatro da compañía “Elefante elegante”.
 Nº total participantes: 382.
 Colexios: CEIP P. Ría do Burgo e CPR P. Andaina.
 Nº sesións: 8.
 Duración cada sesión: 70 minutos/día.
 Datos: dende o 3 ata o 13 de maio.
 Horario: 11:30 a 12:40 h.
 Lugar: salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples, seguindo un estrito protocolo de prevención COVID-19.”

1.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAI

VENRES 30 DE ABRIL

“Cullerchef na casa”, con Olga Rodríguez.
 Desenvolverase nas redes sociais do Concello de Culleredo.”

1.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

C.I.F. P-1503100-H

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
11/03/2021	360	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia con data 26/02/2021 ao causar alta como dependente o día 01/03/2021, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	***5460**	
11/03/2021	361	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre	****5550*	

C.I.F. P-1503100-H

		concorrenca con data 26/02/2021 ao causar alta como dependente cunha prestación de entre 1 e 20 horas mensuais o día 01/03/2021, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.		
12/03/2021	375	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrenca con data 26/02/2021 ao causar alta como dependente cunha prestación de entre 1 a 20 horas mensuais o día 01/03/2021, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	***8387**	
16/03/2021	379	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrenca con data 26/02/21 ao causar alta como dependente cunha prestación de 1 a 20 horas mensuais o día 01/03/2021, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	***7413**	

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
12/03/2021	374	Concesión axuda económica	***1597**	Bono de alimentos tipo C e o bono de hixiene tipo B,	

Código do documento	Código do expediente
USG15I01Q3	USG/2021/79
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 4C59 182B 615P 6768 14DT	

C.I.F. P-1503100-H

				durante o ano 2021.	
16/03/2021	378	Concesión axuda económica	****7828*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de novembro e decembro de 2020 (350€/mes), xaneiro de 2021 (350€) e parte de febreiro de 2021 (79€).	1129€
18/03/2021	393	Concesión axuda económica	***1616	Pago de aluguer, correspondente aos meses de novembro de 2020 (36,84€), decembro de 2020 (330€) e xaneiro de 2021 (330€). Para o pago de recibo de electricidade, correspondente ao periodo do 12 de outubro de 2020 ao 12 de xaneiro de 2021.	696,84€ 432,62€
18/03/2021	394	Concesión axuda económica	****6526*	pago de aluguer, correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2020 (225€/mes) e xaneiro e febreiro de 2021 (225€/mes).	1125€
18/03/2021	395	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***2474**	Pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2020.	59,51€
18/03/2021	396	Concesión axuda económica	***0126**	Pago de aluguer correspondente aos meses de decembro de 2020 (132,24€) e xaneiro e febreiro de 2021 (400€/mes). Pago de recibo de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2020 (84,46€) e 4º trimestre de 2020 (112,76€).	932,24€ 197,22€

Código do documento	Código do expediente
USG15I01Q3	USG/2021/79
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 4C59 182B 615P 6768 14DT	

18/03/2021	397	Concesión axuda económica	***0904**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro a abril de 2021 (300€/mes) e maio de 2021 (71,48€),	971,48€
				Pago de recibo de auga, correspondente ao 3º e 4º trimestre de 2020.	158,32€

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
16/03/2021	380	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter PROVISIONAL.	***8551**	ata o 01/03/2023

C.I.F. P-1503100-H

2.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral accidental, dou fe.

Visto e prace

A alcaldesa en funcións

(Asinado dixitalmente nesta data pola Sra. concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte que actuou como alcaldesa en funcións nesta sesión)

(Asinado dixitalmente)